



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

Materia / Módulo	Xeografía e Historia	Páx.	1
Curso / Ciclo	Curso 2019-20 - 2º ESO		
Profesor/a responsable	María Saavedra Ricoy		

CONTIDOS (Temporalizados por Avaliacións)

1º PARCIAL:

- **O medio físico e os bioclimas de España e Galicia:** situación de España e Galicia. O relevo, as augas e a diversidade climática de España e Galicia.

- **A poboación no mundo:** Diferenza entre os conceptos de poboación absoluta e densidade de poboación. Localización nun mapamundi dos principais focos da poboación. Factores que xustifican o desigual reparto da poboación mundial. Conceptos relacionados coa poboación: natalidade, mortalidade, crecemento natural, emigración, inmigración, crecemento real, poboación activa, sector primario. Exercicios baseados no cálculo de taxas e índices de poboación. A evolución da poboación mundial. A estrutura da poboación e as pirámides de poboación.

2º PARCIAL:

- **O inicio da Idade Media. O Islam:** A fragmentación do mundo antigo e o inicio da Idade Media. Aspectos singulares da cultura e da relixión islámicas. O caso de Al- Andalus.

- **A Europa feudal:** Trazos básicos que definen a sociedade medieval: situación no tempo e no espazo. A organización política medieval: o feudo. A sociedade estamental: concepto de estamento e características principais dos estamentos existentes. O gran dominio señorial: conceptos de reserva e mansos, economía de autosuficiencia, barbeito, viláns e servos...

- **A cidade medieval:** O renacemento urbano, conceptos de burgo, burguesía, gremio e feira.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

- Ao longo do curso o alumnado da E.S.O. que promocionou de nivel tendo suspendida algunha das materias impartidas polo Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia recibirá o correspondente reforzo educativo coa finalidade de que poida aprobar a materia.

- Durante o curso os alumnos e alumnas con materias pendentes realizarán **Boletíns de Actividades** propostos polo Departamento. O docente que imparta clase a estes alumnos/as encargárase de supervisar e avaliar a realización das actividades propostas, controlando deste xeito o traballo realizado polo alumnado. Os alumnos/as poderán consultar ao profesor/a calquera tipo de dúbidas e problemas que se lles poidan presentar na elaboración das actividades. Tamén realizaranse dúas **Probas escritas**.

- **A materia dividirase en dous parciais.** Dentro de cada parcial a realización do **Boletín de Actividades** correspondente ao mesmo significará o **30%** da cualificación do parcial, mentras que a **Proba escrita** significará o **70%** restante. Pode aprobarse a materia por parciais se se dan as seguintes circunstancias:

- Aprobando ambos parciais (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles)
- Obtendo unha cualificación \geq 5 na media aritmética das cualificacións dos parciais.

- Aqueles alumnos/as que non aprobasen a materia, poderán realizar unha **Proba Final** no mes de **maio** e, se é necesario, unha **Proba Extraordinaria** no mes de **setembro**, na que entrarán todos os contidos. Estas probas terán unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso:

- Unha primeira parte será de carácter práctico e consistirá na realización de exercicios e actividades semellantes ás realizadas na aula: comentario guiado dun mapa, gráfico, imaxe,... elaboración de esquemas, clasificación de afirmacións como verdadeiras ou falsas...
- Unha segunda parte será de carácter teórico e consistirá na definición de conceptos básicos relacionados coa materia, resposta a preguntas curtas, desenvolvemento de breves temas históricos...

- O aprobado na Proba final de maio ou, no seu caso, na de setembro, significará a superación da materia, aínda que será precisa unha coherencia mínima nas respostas e non deixar ningunha das dúas partes das que consta a proba sen responder.